Vitoria local co vento como protagonista.

No partido correspondente á copa local infantil, disputado na matinal do venres en Prados Vellos, o Numancia conseguiu imporse por 2 a 0 ante o Rápido de Neda. Ao descanso chegouse co resultado de 1 a 0.

Prados Vellos 19/03/2010.

Aliñación: Agustín (Roberto 40'); Miguelito, Alberto, Verónica, Darío; Martín, Marcelo, Miguel (Alejandro 68'), Iván, Andrés Novoa (Andrés Saavedra 59 '), Ángel (Brais 40').

Goles: Iván e Marcelo.

Amonestacións: Cartón amarelo a Miguelito por reiteración de faltas.

O encontro estivo condicionado polo vento presente durante todo o transcurso do encontro. Ambolos dous equipos abusaron do xogo por alto o que dificultaba o control do balón e provocaba algún susto por mor da influencia do vento.

Pronto se poría de cara o partido para os de Ares que no minuto 5 conseguían adiantarse no marcador. Un balón enviado Martín á banda esquerda permite a Marcelo pór ao primeiro toque un balón ás costas dos defensas que Iván aproveita para encarar ao porteiro. Tras unha primeira intervención do meta visitante, o rexeite volve a Iván que agora non perdoa e pon o 1-0 no marcador.

En xeral o equipo local chegaba máis á porta visitante aínda que non aproveitaba as ocasións. Os visitantes tiveron a súa mellor oportunidade a balón parado, nunha falta que foi desviada por Agustín a corner con bastantes dificultades.

O segundo tempo comezou como o primeiro e aos 6' da continuación un balón que sale de Martín chega a Iván que serve en profundidade sobre a entrada de Marcelo por banda esquerda, este encara ao porteiro e báteo por baixo sobre a súa saída establecendo o 2-0.

O xogo no medio campo seguía sen ser efectivo, e tratouse de corrixir por parte dos técnicos locais situando a Miguel no medio campo primeiro e xa case ao final atrasando a posición de Iván.

As ocasións máis perigosas nesta segunda metade estiveron a cargo dos locais en un par de contras e tres faltas próximas ao área, mentres que tamén a balón parado sería a forma de

chegar até a meta rival por parte dos visitantes.

A reiteración de faltas por parte de Miguelito fixo que vise a cartolina amarela.

En resumo partido pouco vistoso que permite aos locais seguir optando á segunda praza empatados a puntos co Ánimas á espera de disputar fronte a estes o encontro aprazado para finalizar así a primeira volta do torneo.